


2 de abril “Día Internacional do Libro Infantil”

Desde 1967, o 2 de abril —aniversario do nacemento do escritor Hans Christian Andersen—, as Seccións Nacionais da IBBY (International Board on Books for Young People) organizan a celebración do Día Internacional do Libro Infantil para estimular o amor pola lectura e para promover o interese polos libros para nenas e nenos.

Cada ano, un país membro da devandita organización actúa como patrocinador internacional do DILI. A súa tarefa consiste en convocar a una escritora ou escritor destacado para redactar a mensaxe aos nenos e nenas do mundo e a unha ilustradora ou ilustrador famoso para deseñar un poster. Estes materiais utilízanse de diferentes maneiras para promover o libro e a lectura: a través dos medios de comunicación, de actividades en escolas e bibliotecas públicas, de encontros con autores/as e ilustradores/as, de concursos literarios ou de presentacións de libros ou premios.

Este ano correspóndelle á sección de Portugal, que difunde a mensaxe do escritor **Yagalis Iliopoulos** (co título de «Son un libro, leme»), ilustrado por **Photini Stephanidi**. Unha homenaxe ao poder dos libros infantís para expandir os nosos horizontes, acender a nosa imaxinación e fomentar a comprensión.

DIA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL 2023



Son un libro, leme

Eu son un libro.
Ti es un libro.
Todos somos libros.

A historia que conto é a miña alma
e cada libro ten a súa propia.

Se cadra non nos parecemos en nada
–hainos grandes, hainos pequenos,
hainos coloridos, outros en branco e
negro,
hainos moi finos e outros moi grosos.

As nosas historias serán diferentes
ou semellantes:
velaquí a nosa beleza.
Que aburrido se todos fósemos
iguais!

Cada un de nós é único.
E merece ser respectado,
ser lido sen prexuízos,
ter o seu espazo, o seu andel.

Pode que constrúas unha opinión
sobre min.

Pode que elixas cuestionar ou
comentar o que les.

Pode que me devolvas á biblioteca,
ou tal vez queiras terme preto na túa viaxe.

Pero xamais permitas que me tiren
nin que me manden cambiar de andel.
Non pidas nunca que me destrúan, nin deixes que outros o fagan.

E se un libro vai onda ti desde outro andel,
porque alguén ou algo o empurrase a iso,
faiille un oco.
Ao teu lado, cabe.

Trata de sentir como se sente.
Comprédeo. Protéxeo.

Quizais esteas mañá na súa situación.
Pois ti tamén es un libro.
Todos somos libros.

Veña, dío moi alto para que se oia ben:
«Son un libro, leme»